

RESOLUCIÓN CONXUNTA, DO 18 DE MARZO, DO XERENTE E DO VICERREITOR DE POLÍTICA, CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA EN RELACIÓN Á CONTRATACIÓN LABORAL CON CARGO AO CAPÍTULO VI DO ORZAMENTO DE GASTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CON FINANCIAMENTO ALLEO

O Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, (en adiante RDL 32/2021) modifica o Texto refundido do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro (en adiante ET).

As modificacións do ET que presentan maior impacto na contratación temporal de persoal laboral con cargo a capítulo VI desta Universidade, concrétnanse na eliminación dos contratos por obra ou servizo determinado celebrados ao abeiro do artigo 15 ET e na determinación cerrada dos supostos nos que cabe concertar contratos de duración determinada.

Contratos por obra ou servizo (Art. 15 ET):

O novo artigo 15 ET establece que o contrato de traballo se presume concertado por tempo indefinido. Con todo prevé a concertación por tempo determinado ben por circunstancias da produción, ben por substitución da persoa traballadora e, en ambos casos nos concretos termos que polo miúdo establece.

As disposicións transitorias 3ª e 4ª do RDL 32/2021 eliminan a dita modalidade contractual pero establecen un réxime transitorio hasta a súa extinción:

- Os contratos por obra ou servizo determinado realizados ao abeiro do previsto na redacción do artigo 15 ET anterior a esta reforma, celebrados antes do 31.12.2021 e vixentes nesa data: resultarán aplicables na súa duración máxima nos termos da redacción previa á reforma.
- Os contratos por obra ou servizo determinado concertados pola Universidade con vinculación a proxectos específicos de investigación ou de inversión de duración superior a 3 anos, que se atopen vixentes a 31.12.2021: manterán a súa vixencia de acordo coa normativa que lles era aplicable antes da reforma co tope de 3 anos a contar desa data (isto é, ata o 30.12.2024).
- Os contratos por obra ou servizo determinado celebrados do 31.12.2021 ao 30.03.2022, non poderán ter duración superior a 6 meses.

Contratos de duración determinada:

A disposición adicional 5ª do RDL 32/2021 permite á Universidade celebrar contratos de duración determinada en dous supostos:

- Cando se trate de contratos que se atopen asociados á estrita execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e só polo tempo necesario para a execución dos anteditos proxectos.

Código Seguro De Verificación	QOzLUuzhCO+ePjHuourQtA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	18/03/2022 14:34:53
	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	18/03/2022 13:46:07
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/QOzLUuzhCO+ePjHuourQtA==">https://sede.udc.gal/services/validation/QOzLUuzhCO+ePjHuourQtA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Na tramitación destes contratos de duración determinada deberase acreditar que o contrato resposta á estrita execución do Plan polo que, como contido recomendado do contrato, incluírase a acreditación de se atopar incluídos os fondos que financian ese contratos na estrita execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- Cando se trate de contratos que resulten necesarios para a execución de programas de carácter temporal cuxa financiación proceda de fondos da Unión Europea (UE).

Na tramitación destes contratos de duración determinada deberase acreditar que os fondos proceden da UE polo tanto, como contido recomendado do contrato incluírase: a identificación específica dos fondos da UE con cargo aos que se financia o contrato, o proxecto para cuxa execución a UE concede financiación (no que se encadra o contrato) e a duración do dito proxecto –con indicación da data de finalización-.

Tanto no caso de contratos PRTR como no caso de contratos fondos da UE deberá terse en conta que:

- No proceso de contratación, que se atopa sometido a concorrência competitiva, rexerán os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.
- Para a formalización deses contratos empregárase o modelo de contrato denominado “*contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos*”, codificado 406/506 segundo a modalidade pola que se opte de tempo completo/parcial.

En tanto o dito modelo non sexa elaborado polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) os ditos contratos formalizáranse no modelo vixente denominado “*cláusulas específicas de interés social/empleo agrario*”, codificado 401/501 segundo a modalidade pola que se opte de tempo completo/parcial. O SEPE prevé a equiparación automática destes contratos 401/501 aos 406/506.

Non se realizan consideracións respecto doutros contratos temporais de duración determinada (como o contrato predoutoral e contrato postdoutoral de acceso, regulados respectivamente nos artigos 21 e 22 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación) á espera do remate da tramitación parlamentaria que se atopa actualmente en curso.

De acordo con todo o indicado, RESÓLVESE:

1. A modalidade contractual que se subscribirá no ámbito da UDC para o persoal financiado con cargo a proxectos/contratos/convenios/outras axudas de investigación, imputadas ao capítulo VI do orzamento de gastos da Universidade e financiamento alleo, será o contrato laboral indefinido.
2. Os contratos que se formalicen coa modalidade de contratos indefinidos vincularanse ao establecido no artigo 52-e) do ET en relación co artigo 49.1.l) do mesmo corpo legal.

Código Seguro De Verificación	QOzLUuzhCO+ePjHuurQtA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	18/03/2022 14:34:53
	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	18/03/2022 13:46:07
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/QOzLUuzhCO+ePjHuurQtA==">https://sede.udc.gal/services/validation/QOzLUuzhCO+ePjHuurQtA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Conforme coa disposición adicional 5ª do RDL 32/2021 a Universidade formalizará contratos de duración determinada asociados á estrita execución do PRTR e a financiación procedente da UE, sometidos aos principios de igualdade, mérito e capacidade, polo tempo necesario para a execución do/s proxecto/s que correspondan e identificando os fondos específicos que financian cada contratación, tal e como se detalla nesta resolución ao tratar do contido recomendado do contrato.

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día seguinte da súa publicación.

Asinado polo xerente e polo vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, na data da sinatura dixital.

Código Seguro De Verificación	QOzLUuzhCO+ePjHuourQtA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	18/03/2022 14:34:53
	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	18/03/2022 13:46:07
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/QOzLUuzhCO+ePjHuourQtA==">https://sede.udc.gal/services/validation/QOzLUuzhCO+ePjHuourQtA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

